


Fin do Bacharelato: alternativas ao rematar a Etapa

IES Castro Alobre



Marián Rego
Xoán Trigo

<https://orientacioncastroalobre.com>




Noraboa!

Os teus esforzos ao longo destes anos terán os seus froitos axiña!

Xa rematache o Bacharelato polo que é o momento de tomar unha decisión especialmente importante: os Estudos Superiores

Xa sabes o que queres facer, ou quizás aínda estás con dúbidas?



Por outra banda, se aínda non tes claro que vaias sacar o Bacharelato, quédate ata o final, porque tamén hai alternativas para ti. (diapositiva 44)




Non te preocupes! porque se non tes ben claro o que facer o seguinte curso, aínda estás a tempo de tomar esa decisión.

Para axudarche poñemos á túa disposición un programa informático con cuestionarios para o alumnado e información sobre estudos e outras saídas que se presentan ó finalizar Bach.


<http://orientaline.es/?yafxb=42465>

E se aínda así tes dúbidas lembra que sempre temos os correos á vosa disposición!

xoan.trigo@edu.xunta.gal
marianrego@edu.xunta.gal



¿Como acadar
o Título de
Bacharelato?




Como se obtén o título de Bacharelato?

Necesitarás **ter avaliación positiva (aprobar) todas as materias dos 2 cursos.**

E o máis importante, cal será a túa nota de Bacharelato e por que é relevante?


- A túa nota de bacharelato será **a media de todas as materias dos 2 cursos.**
- E terase en conta para ser admitida/o nos estudos superiores!



Admisión VS. Acceso

Olo aquí porque non é o mesmo admisión que acceso!

- O **acceso** permite a posibilidade de participar no proceso de admisión!!!
O bacharelato ábreche as portas aos Estudos superiores, pero non quere dicir que entre sen ningún tipo de impedimento. Xurde así a Admisión.
- A **admisión** entra en xogo cando hai máis demanda que oferta dunha carreira ou ciclo, polo que ten que establecerse un criterio (normalmente a nota, idade, letra, etc.) para a súa entrada...



Así que recorda! É tan importante sacar o Título como ter unha boa media para non pechar ningunha porta!

Teño o Título de Bacharelato: que podo facer?


Tes dúas alternativas ben diferenciadas:

- **Continuar a túa formación:**
 - **Universidade**
 - **Formación Profesional de grao superior (ir á Diap. 27)**
- **Transitar de cara á vida activa:** búsqueda activa de emprego, oposicións que requiran o título de Bacharelato, etc.




En calquera caso, é **IMPRESINDIBLE** que fagas a ABAU para non pechar ningunha porta de cara ao futuro.

Os estudos universitários




Se por algo debe ser recoñecido un estudo universitario é pola necesidade dunha perseverancia no estudo académico, manter un equilibrio entre a reflexión e a praxis e traballar en equipo; pero especialmente na motivación e interese pola aprendizaxe da túa carreira escollida.




En Galicia, os Graos universitarios impártense nas seguintes **Universidades**: A Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVigo), integrándose nun total de 7 campus:

- **UDC**: Campus de Ferrol e Campus da Coruña
- **USC**: Campus de Santiago de Compostela e Campus de Lugo
- **UVigo**: Campus de Oursense, Campus de Pontevedra e Campus de Vigo




A través dos seguintes enlaces poderás coñecer os Graos que imparten cada unha das Universidades galegas:

- ✓ [Graos universitarios da Universidade da Coruña](#)
- ✓ [Graos universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.](#)
- ✓ [Graos universitarios da Universidade de Vigo](#)




Acceso á Universidade



Acceso á Universidade (1/14)

Para acceder ao Sistema Universitario son necesarios dous requisitos:

1. **Ter o Título de Bacharelato**
2. **Superar a Avaliación de Bacharelato de Acceso á Universidade (ABAU)**




Imos ver a continuación que é a ABAU...

Acceso á Universidade (2/14)

A ABAU trátase dun sistema de exames que toman como referencia os contidos traballados en 2º de Bacharelato. O conxunto destes exames terá unha nota que inflúe notablemente na admisión ao Grao Universitario que queiras facer.

Este sistema de exames ten dúas probas claramente diferenciadas:


- **Unha parte obrigatoria:** necesaria para aprobar a ABAU. A súa nota calcúlase mediante a media e non ten caducidade.
- **Unha parte voluntaria:** serve para subir nota da ABAU sempre que superes cada exame, e ten validez durante os próximos dous cursos académicos.



Acceso á Universidade (3/14)

Na parte obrigatoria tes que eximinarte das seguintes materias:

- Hº de España
- Lingua Castelá e Literatura II
- Lingua Galega e Literatura II
- 1º lingua estranxeira II
- Troncal propia da modalidade **cursada**: Matemáticas II, Mátematicas CCSS II ou Latín II.




Con esta parte superada, poderías acceder a Universidade... pero se consideras que a nota podería non ser suficiente para entrar no grao da túa elección, deberías realizar tamén a **parte Voluntaria**.

Acceso á Universidade (4/14)

A **parte voluntaria** serve para subir a nota... Pero ollo! non de forma xeral, senon en función do Grao que queiras facer. Xa veremos un exemplo máis adiante.

Nesta parte poderás examinarte de ata un **máximo de 4 materias** (cursadas ou non no bacharelato) e só se terán en conta as notas das 2 que máis suman para o grao que solicites.



Cada exame voluntario con nota de 5 ou superior, sumará... e se suspendes a algún deles non pasa nada: **non poden baixar a túa nota.**


Acceso á Universidade (5/14)

E que nota se obtén de todos estes exames?

A Nota de admisión á Universidade. Calcúlase do seguinte xeito:

$$(0'6*NMB + 0'4*NFO) + \alpha_1*m_1 + \alpha_2*m_2$$

- NMB: Nota media de Bacharelato
- NFO: Nota da fase obrigatoria
- α_1 / α_2 : porcentaxes de ponderación (0'1 ou 0'2) en función da materia e carreira
- m_1 / m_2 : Cualificación das 2 materias que máis te beneficien para o grao que solicites



Imos ver as ponderacións de cada materia en cada Grao universitario....

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCION E TRONCAIS DE MODALIDADE												
		Artes Escénicas	Bioloxía	Debuxo Técn. II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica			0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Ciencia e Enxeñaría de Datos		0,2		0,2	0,2	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Aeroespacial			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Agraria		0,2			0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria		0,2	0,1		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Biomédica		0,2	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Civil			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría da Enerxía			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría de Obras Públicas			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Eléctrica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto			0,2	0,2	0,2	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Organización Industrial			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Química Industrial			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Forestal		0,2	0,2		0,2	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural		0,2	0,2		0,2	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Informática			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Mecánica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Naval e Oceánica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Química		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Estudios de Arquitectura			0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Náutica e Transporte Marítimo			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Paisaxe	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2
	Robótica			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		
	Tecnoloxía da Enxeñaría Civil			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Tecnoloxías Mariñas			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2		

RAMA	GRAO	Bioloxía	Debuxo Técnico II	Física	Hª da Filosofía	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeoloxía
CIENCIAS	Bioloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Biotecnoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Bioquímica (1)	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Ciencias Ambientais	0,2		0,1		0,1		0,2	0,2
	Ciencias do Mar	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2		0,1		0,2		0,2	0,1
	Física	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Matemáticas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1
	Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
Química	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1	

CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Farmacía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Logopedia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Medicina	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Nutrición Humana e Dietética	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Odontoloxía	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Optica e Optometría	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Podoloxía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Psicoloxía	0,2			0,1	0,1	0,2		
	Terapia Ocupacional	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2		0,2		0,2	

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																		
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Lingua Estranx. II	
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Administración e Dirección de Empresas		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	
	Ciencia Política e da Administración			0,2			0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,2		0,2	
	Ciencias Empresariais		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	
	Comercio						0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Comunicación Audiovisual	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1			0,2
	Creación Dixital, Animación e Videoxogos	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1		0,2	0,2					
	Criminoloxía		0,1					0,1						0,2	0,2					0,2
	Dereito						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,1		0,1	0,2
	Dirección e Xestión Pública						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Economía		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Social		0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Empresa e Tecnoloxía		0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2			0,1	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre en Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Pedagogía	0,1	0,2	0,2		0,2	0,1		0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Publicidade e Relacións Públicas			0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,2		0,1	0,2
	Relacións Laborais e Recursos Humanos						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Socioloxía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Traballo Social						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Turismo						0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Xeografía e Ordenación do Territorio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Xestión Industrial de Moda	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,2	0,1				0,2
Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2	

RAMA	GRAO	Artes Escénicas	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Grego II	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas Aplicadas II	Xeografía	2ª Lingua Estranxeira II	
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1					
	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1	0,2	
	Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Filoloxía Clásica	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Filosofía	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2
	Historia	0,1	0,1			0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Historia da Arte	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2
	Lingua e Literatura Españolas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Lingua e Literatura Galegas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Lingua e Literatura Inglesas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Linguas e Literaturas Modernas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Linguas Estranxeiras	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,1	0,2
	Tradución e Interpretación	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2
	Xeografía e Historia	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión Cultural	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión Dixital da Información e Documentación	0,1	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2

	DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS (Continuación)	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																	
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latin II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Língua Estranx. II
SIMULTANEIDADES: DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS	Simultaneidade dos Graos de Química e Física		0,2				0,2						0,2		0,2		0,2		
	Simultaneidade de estudos no Grao de Farmacia e Óptica e Optometría		0,2				0,2						0,2		0,2				
	Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Simult. dos Graos de Enx. Agrícola e Agroaliment. e Enx. Forestal		0,2		0,2		0,2	0,2						0,2		0,2	0,2		
	Grao aberto 5USC Enxeñaría pola USC		0,1		0,2	0,1	0,1	0,2						0,2		0,1		0,1	
	Simultaneidade dos Graos de Ciencias Empresariais e Turismo		0,2				0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Español e Galego e Portugués	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Español	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Galego e Portugués	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica				0,2		0,1	0,2						0,2		0,2			
	Grao Aberto en Enxeñaría Industrial				0,2		0,1	0,2						0,2		0,2			

Acceso á Universidade (10/14)

A ABAU será superada cando o resultado da ecuación sexa **igual ou maior de 5...**

- Non é preciso acadar un 5 de nota media na ABAU, é suficiente con que o resultado do 60% da media do bach, máis o 40% da media da parte obrigatoria da ABAU sexa igual ou superior a 5 (sempre que a nota media da parte obrigatoria da ABAU non sexa inferior a 4)



A continuación tes as preguntas máis frecuentes:

Acceso á Universidade (11/14)

“Como vai esto das ponderacións? Podo ter diferentes Notas de Admisión?”

Sí. Ti fas de 1 a 4 exames na parte voluntaria, e o sistema informático cólleche as mellores cualificacións para cada titulación. É por iso que non tes unha única nota de ABAU, se non varias ,dependendo da titulación... Podes ter ao mesmo tempo un 9 para Psicoloxía e un 8 para Xornalismo(por exemplo).

“... E pondérase a materia troncal de modalidade (Matemáticas / Latín) da fase obrigatoria?”

- Sí, tamén... pero recorda: sempre que este exame esté superado.

Acceso á Universidade (12/14)

“E logo entón, para qué é a nota de corte? Se saca unha nota superior á nota de corte do curso 2020/2021 pode entrar a ese Grao?”

- *NON necesariamente. A nota de corte é unha nota de referencia. Foi a nota do último alumno matriculado nese grao o curso anterior, pero ao ano seguinte pode variar, polo que non é sistemático. (aínda que acostuma ser moi orientativa)*



“Que pasa se suspendo algún exame da parte obrigatoria?”


- *Non hai un mínimo de materias que teñas que superar... o importante é que a media delas sexan igual ou superior a 5 (ou 4, no caso anterior)*

Acceso á Universidade (13/14)

Unha vez superes a ABAU e teñas a túa nota, tocará o momento de facer a túa **solicitud de preinscripción de matrícula na Universidade**. Se solicitas admisión en Galicia terás que facer unha **listaxe dos Graos que queres facer por orde de preferencia, ata un máximo de 5**.

Dependendo da túa nota e a demanda do resto de alumnado terás maiores ou menos posibilidades de entrar, polo que terás que pensar moi ben cales son as túas opcións.


Abordaremos este procedemento nas vindeiras semanas dun xeito máis preciso.



Acceso á Universidade (14/14)


- **Prazo de inscrición da ABAU 2021 (POR DETERMINAR)**
 - Instrucións para facer a matrícula: <https://ciug.gal>

- **Máis información sobre a estrutura da ABAU:**
<https://ciug.gal/gal/abau>



- Se tes algunha dúbida respecto a ABAU podes buscar a súa resposta no FAQ-abau da CiuG: <https://ciug.gal/gal/faq-abau>


A Formación Profesional



A Formación Profesional (1/4)

A FP orgánizase en **Ciclos de grao medio e superior**. Caracterízanse principalmente por:


- Ter unha duración 2.000 horas (repartidas en 2 cursos académicos)
- Desenvolver os contidos en Módulos Profesionais (materias ligadas a un campo profesional)
- Ter unha fase de prácticas (Formación en Centros de Trabajo).
- Desenvólvense nos Institutos e Centros Integrados de FP.
- Obtense un Título de Técnico (grao medio) ou Técnico Superior (grao superior) que certifica a competencia profesional dun traballo.



A Formación Profesional (2/4)

Cada Ciclo está asociado a unha familia profesional. En Galicia existen 23 familias diferentes...e cada unha delas ten os seus Ciclos...Hai unha oferta enorme como podes observar. Algúns exemplos das familias máis solicitadas son:

- Comercio e Marketing
- Administración e Xestión
- Actividades Físicas e Deportes
- Imaxe e Son
- Hostalaría e Turismo
- Sanidade
- Química
- Informática e Comunicacions
- Electricidade e electrónica
- Edificación e obra civil
- Servicos socioculturais e á comunidade




A Formación Profesional (3/4)

Con todo isto, é normal que non poidamos facer unha análise pormenorizada de cada un dos Ciclos. Tes a continuación unha ligazón donde poderás visualizar os folletos informativos da FP con información sobre:

- Oferta de ciclos de cada familia
- Módulos Profesionais que se imparten
- Ámbitos nos que se traballa
- Que é o que se aprende en cada Ciclo
- Ocupacións profesionais derivadas da formación...

<http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp>



A Formación Profesional (4/4)


En Vilagarcía impártense os seguintes ciclos de FP superiores:

- **IES Armando Cotarelo Valledor:**
 - CS de Administración de Sistemas informáticos en Rede
 - CS de Administración e Finanzas
 - CS de Xestión de vendas e espazos comerciais
- **IES Fermín Bouza Brey:**
 - CS de automatización e robótica industrial
 - CS de mecatrónica industrial
- **IES Miguel Angel González Estévez:**
 - CS de acondicionamiento físico



Nesta ligazón poderás coñecer toda a oferta de FP organizada por concellos: https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8491

Acceso á Formación Profesional de Grao Superior



Acceso á Formación Profesional superior (1/5)

Para o acceso á Formación Profesional de grao superior tes **diferentes vías:**

- Ter o título de Bacharelato
- Ter un Título Técnico (de FP medio)
- Superar a proba de acceso á Formación Profesional superior

(o prazo para a inscrición xa está pechado para esta proba)


Pero ollo! Lembra a diferenza entre o Acceso e a Admisión...



Acceso á Formación Profesional superior (2/5)

Para o acceso á FP establécense **3 cuotas de reserva de prazas:**

- **Grupo A:** 70% de prazas co **título de Bacharelato**
- **Grupo B:** 20% de prazas co **Título de Técnico (FP de grao medio, tendo prioridade no acceso os que sexan da mesma familia profesional)**
- **Grupo C:** 10% de prazas mediante a **Proba de acceso.**




Naqueles casos nos que a demanda do alumnado sexa maior á oferta de prazas, establecerase **o proceso de admisión...**

Acceso á Formación Profesional Superior (3/5)

Antes debemos ter en consideración un aspecto clave:

Os Ciclos de FP están vinculados ás modalidades e materias de bacharelato.

Podes consultar aquí a relación de cada Ciclo coa modalidade de bacharelato: http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8214




A relevancia deste aspecto está na súa incidencia na orde de preferencia no proceso de admisión, como veremos a continuación.

Acceso á Formación Profesional Superior (4/5)

Para o **grupo A (bacharelato)** a orde de preferencia é:

1. Alumnado con Bach. dunha modalidade preferente + materias vinculadas.
2. Alumnado con Bach. dunha modalidade preferente SEN materias vinculadas.
3. Alumnado con Bacharelato SEN modalidade preferente.

Dentro de cada un destes, ordenarase de maior a menor segundo a súa nota de bacharelato.




Acceso á Formación Profesional Superior (5/5)

Para o **grupo B (Título de Técnico)** a orde de preferencia é:


1. Os que teñan un Título de Técnico de FP da mesma familia profesional que o ciclo que solicita.
2. Os que teñan un Título de Técnico de FP sen importar a familia profesional do ciclo que solicita.

Dentro de cada un destes, ordenarase de maior a menor segundo a súa nota do Título de Técnico

Para o **Grupo C (Proba de acceso)** a orde de preferencia será da maior á menor nota da persoa aspirante.



O mundo laboral despois do Bacharelato




Aínda que non o pareza ás veces, xa estás case na adultez... e hai quen xa ten claro o que quere facer no seu futuro inmediato.

Isto non supón un risco no caso de que teñas moi clara a túa decisión e identifies o camiño que tes que seguir (e non vai pola vía formativa).

Neste sentido, imos categorizar esta alternativa en dúas vías:

- **Búsqueda de emprego**
- **Preparación de oposicións**




O emprego

O inicio da búsqueda activa de emprego ten dous puntos esenciais de inicio:

- Saber facer un Currículum Vitae
- Saber levar adiante unha entrevista de traballo.
- Entrar no Programa de Garantía Xuvenil.

Todos os concellos teñen asignada unha **oficina de emprego** (o SEPE). Nesta, poderás ter acceso á Orientación Laboral para axudarche na busca do teu primeiro emprego.

Ademais, no noso concello atópase a **Fundación Amigos de Galicia**, que tamén conta con **servizos de orientación laboral**.



oposicións

O emprego público sempre será unha boa oportunidade para garantir un posto de traballo.


Non hai unha listaxe única de todas as oposicións que existen tendo bacharelato. Aínda así as máis recurrentes son:

- **Administración** (tanto en Concellos como na Xunta ou Estado)
- **Policía** (local, nacional, autonómica)
- **Corpos de bombeiros/as**
- **Garda Civil**
- **Forzas armadas**
- **Institucións penitenciarias**
- **Axente de Facenda**
- **Auxiliar xudicial** ou **Tramitación procesal**




En <http://empleopublicoengalicia.blogspot.com> poderás atopar a actualidade das oposicións

Non vou poder
titular este
curso: que
fago?



Antes de nada: **NON É O FIN DO MUNDO!!!** nunca se perde o ano académico se aprendiches calquera cousa por mínima que fose. A vida no bacharelato tamén é unha aprendizaxe e pode servir moito para a **madurez persoal**.


Se non vas poder obter o título nesta convocatoria pensa en 1º lugar que aínda **tes setembro para tratar de recuperar as materias pendentes...** Pero aínda así, no caso de non poder superalas, hai alternativas ás que lle podes sacar algunha vantaxe. Poderás optar por:

- 
- **Repetir o curso completo:** sen gardar ningunha cualificación de materias.
 - **Repetir o curso só coas materias pendentes/suspensas.**

“Vantaxes de repetir? Estás tolo?”. Pois pensao ben:

Repetir o curso completo:

Aínda que é un risco que a gran maioría ve innecesario, existen casuísticas diversas nas que pode beneficiar. Por exemplo, para os que queren entrar nunha carreira que esixe unha nota moi alta, e cren que poden facelo mellor do que o fixeron no curso anterior, especialmente se teñen unha nota baixa nas materias troncais xerais.




“Vantaxes de repetir? Estás tolo?”. Pois pensao ben:

Repetir o curso con só as materias pendentes:

Esta é a alternativa por excelencia: gardan a nota das materias superadas e só podes cursar as materias que tes pendentes...É especialmente útil para quen necesite máis tempo que adicarlle ás materias ou para quen queira combinar o bacharelato con outras formacións (carné de conducir, por exemplo).

Non hai mínimo: aínda que só aprobaras dúas materias, gárdanchas.




“Eu non quero seguir co Bacharelato. Non podo ir xa á FP?”

Para os que non saquen o Título de Bacharelato aínda hai alternativas

Tes moitas opcións:


- Podes ir á proba de acceso á FP superior se tes os **19 anos** no ano no que se faga a proba.
- Podes ir, xa que tes o título de ESO, á FP de grao medio.
- Poderías optar incluso por ir ao Bacharelato de adultos se tes **+18 anos**, o que che permitiría poder atopar un traballo e combinar estudo - traballo.
- Preparar oposicións que esixan o título de ESO



RECURSOS DE INTERESE

Aquí che ofrecemos algúns recursos e páxinas que che poden axudar a coñecer alternativas e posibilidades para tomar a decisión máis axeitada

- ✓ [GUÍA DE ESTUDOS SUPERIORES](#) Atoparás información relativa a todos os Graos que se imparten no sistema universitario de Galicia, requisitos de acceso e saídas profesionais
- ✓ [VEN Á FP](#) Ligazón ao portal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, con toda a información relativa ao acceso á FP, oferta formativa, ...e máis
- ✓ [UNIGOW](#) Páxina na que poderás investigar sobre os Graos Universitarios, e contactar con persoas que están cursando o grao que che poida interesar





ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL Ligazón ao portal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, con toda a información relativa ás ensinanzas de réxime especial, moitas delas pódelas cursar complementariamente

- [Ensinanzas de danza](#)
- [Ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais](#)
- [Ensinanzas de idiomas de réxime especial](#)
- [Ensinanzas deportivas](#)
- [Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño](#)
- [Ensinanzas superiores de arte dramática](#)
- [Ensinanzas superiores de deseño](#)
- [Ensinanzas de música](#)
- [Ensinanzas superiores de música](#)




ACCESO ÁS FORZAS ARMADAS Páxina do Ministerio de Defensa coa información sobre o acceso ás forzas armadas



ACCESO Á POLICÍA Páxina oficial



ACCESO Á GARDA CIVIL Páxina oficial






SERVICIO PÚBLICO DE EMPREGO Páxina oficial onde atoparás información relativa a ofertas de emprego, oposicións, requisitos como demandante de emprego, plans e programas de emprego xuvenil, etc, na nosa Comunidade Autónoma



SERVICIO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL Páxina oficial onde atoparás información relativa a ofertas de emprego, oposicións, requisitos como demandante de emprego, plans e programas de emprego xuvenil, etc, a nivel nacional



Se precisas máis información


- Tes aínda moito máis contido na **web do IES**:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/>

- **No noso Blogue:** <https://orientacioncastroalobre.blogspot.com/>

- Ou mesmo nos nosos **e-mails**:

- **Marián:** marianrego@edu.xunta.gal
- **Xoán:** xoan.trigo@edu.xunta.gal



Aténdese de xeito presencial os martes de 16:00 a 19:00 na aula de tecnoloxía do edificio de bacharelato.